

## **Unha vida dedicada á cultura e á docencia**

Antonio Fraguas naceu na aldea de Insuela, da parroquia de Loureiro, concello de Cotobade. Non era frecuente naquela época que os nenos do rural fosen ao instituto, por iso cando Fraguas chegou ao de Pontevedra, para distinguilo dos demais antonios, alcumárono “o da aldea”. Etiqueta que levou con orgullo ata moito tempo despois. Seguindo o consello dos seus mestres, entre eles Castelao e Losada Diéguez, aquel rapaz da aldea chegou á universidade compostelá, onde estudou con brillantez Filosofía e Letras.

Na súa etapa universitaria iniciou a senda da política e, sobre todo, a da investigación na cultura popular ao abeiro do Seminario de Estudos Galegos. Foi alí onde entrou en contacto con Otero Pedrayo, con Losada Diéguez, con López Cuevillas e con tantos outros. Precisamente foi Cuevillas quen lle encomendou a catalogación dos xacementos castrexos da Terra de Deza. Non é de estrañar que o seu discurso de ingreso como membro do Seminario de Estudos Galegos versase sobre o catro de Soutolongo (Lalín). Despois chegarían as investigacións sobre as mámoas do Saviñao, Melide, Cotobade, Listanco..., que terían forma de libros ou de estudos. Quedaba claro o seu interese pola cultura popular pero tamén pola arqueoloxía, pola política (asinou o *Manifesto de Esquerda Galeguista*), polos medios de comunicación (participou activamente nas emisións de EAJ 4 Unión Radio Galicia, popularmente coñecida como Emisora Compostela, e a súa voz foi a primeira en oírse nas ondas) e pola docencia. O 4 de abril de 1933 tomou posesión como profesor de Xeografía e Historia do “Colexio Subvencionado-Estatal” da Estrada, que dependía do Instituto de Pontevedra. A súa actividade non se circunscribiu ás aulas, senón que tivo unha forte implicación social e cultural que o levou a catalogar xacementos arqueolóxicos co alumnado, a montar un museo no centro escolar, a dirixir o cadro de declamación da Agrupación “Artística Estradense” e, ademais, a ser secretario do Partido Galeguista, polo que participou nas eleccións do 36 en que triunfou a Fronte Popular. Accións polas que foi purgado, humillado e paseado polas rúas da Estrada como un trofeo polos falanxistas.

No paréntese da Guerra Civil malviviu dedicándose ao ensino privado, ata que en 1942 lle permitiron impartir outra vez algunhas clases como profesor auxiliar na Facultade de Filosofía e Letras. Empezou así unha nova vida que comezou coa creación do Instituto “Padre Sarmiento” de Estudos Galegos, onde lle encomendaron a catalogación dos libros do extinto Seminario. Tras a lectura da súa tese de doutoramento, aprobou as oposicións a catedrático de instituto e obtivo destino en Lugo, onde repetiu o patrón cultural que xa fixera na Estrada, cunha ampla acción cultural.

Por proposta de Salustiano Portela Pazos, Ramón Otero Pedrayo e Luís Iglesias Iglesias, o 19 de abril de 1951 é nomeado académico de número da Real Academia Galega. Ocupou a cadeira de Castelao, morto seis anos antes no exilio arxentino, a quen lle fixo un emocionado eloxio.

En 1959 regresou a Compostela, logo de solicitar o traslado ao instituto feminino Rosalía de Castro, do que será xefe de estudos e vicesecretario. Tarefa que compatibilizará ata a súa xubilación coas clases na Facultade de Filosofía e Letras.

Unha vez xubilado, dispón de tempo para investigar, impartir conferencias e participar en actos relacionados coa cultura; como a primeira reunión, o 24 de xaneiro de 1976, para sentar os xermolos da creación dun museo de antropoloxía de Galicia, que se denominará Museo do Pobo Galego. Vello soño que se cumpriría grazas aos desvelos de Carlos García, Justo Beramendi e Manuel Gallego.

No seu currículo tamén destaca outra actividade sobranceira, membro electivo do Plenario Consello da Cultura Galega desde a súa creación. Foi tamén coordinador da Sección de Antropoloxía Cultural desta institución e baixo o seu mandato realizáronse varios congresos e publicáronse as actas correspondentes, ademais de diferentes libros.

Incansable e traballador, dispón de tempo para concluír varias obras, algunhas tan representativas como *El traje gallego* (1985) e tamén chegan os días dos recoñecementos por toda unha vida dedicada a Galicia: Pedrón de Ouro (1984), Medalla Castelao (1985), Premio Trasalba (1985), Premio de Investigación da Xunta de Galicia (1988), Medalla de Ouro ao Mérito Cidadán e Cultural do Concello de Santiago (1989), Cronista Xeral de Galicia (1992), Premio Otero Pedrayo das catro deputacións provinciais (1992), Premio das Letras e das Artes da Xunta de Galicia (1995), Insignia de Ouro da Universidade de Santiago (1995)...

O 31 de outubro de 1999 publicou o derradeiro artigo no xornal compostelán *O Correo Galego*, lembrando a estadía nas terras lucenses do Saviñao en 1928. Cinco días despois, faleceu en Compostela e recibiu sepultura no cemiterio de Boisaca, entre Aurelio Aguirre e Ramón María del Valle Inclán, aos que se uniu o 5 de xaneiro de 2012 o seu amigo Isaac Díaz Pardo.